

# Curso 2019/20

Departamento de  
Latín e Grego

IES Brión

## **Programación didáctica**

Materia: Cultura Clásica

## INDEX

<u>I</u> -INTRODUCCIÓN .....	pax 3
<u>II</u> - CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. ....	pax 4-6
<u>III</u> - CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS DA ÁREA DE CULTURA CLÁSICA ESO 3º ESO. ....	pax 6-8
<u>IV</u> - RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. ....	pax 9-31
CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: A) TEMPORALIZACIÓN B)GRAO MÍNIMO AVALIABLE C) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	
<u>V</u> - CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS .....	pax 31-33
<u>XI</u> -MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	pax 33
<u>VI</u> - AVALIACIÓN: INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA MATERIA. ....	pax 34-35
<u>VII</u> - INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE . ....	pax 35-37
<u>VIII</u> - DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS .....	pax 37-38
<u>IX</u> - . MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....	pax 38-44
<u>X</u> - CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS (PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS , PROXECTO LECTOR).....	pax 39-45
<u>X</u> - ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. ....	pax 45

XI- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA  
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS  
ACADÉMICOS. ....pax 45-47

XII- INCLUSIÓN DAS PROPOSTAS DE MELLORA DA MEMORIA.

## **I-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

A materia de Cultura Clásica forma parte do curriculum da ESO. Trátase dunha materia que pode ser elixida polo alumnado en 3º ou en 4º de ESO. En 3º de ESO a materia conta con dúas horas semanais mentres que en 4º dispón de tres. Por este motivo aínda que os contidos son os mesmos para ambos niveis, o grado de afondamento no tratamento dos contidos será diferente. No presente curso o Departamento de Latín e Grego únicamente impartirá a materia de Cultura Clásica en 3º de ESO.

A materia de Cultura Clásica pretende achegar ao alumnado ao coñecemento de Grecia e Roma e o que é máis importante, facer que se decate da influencia destas civilizacións no noso xeito de mirar e intepretar o mundo. Os distintos aspectos que conforman a nosa cultura occidental (literatura, arte, organización social, filosofía, linguas....) teñen como referencia a civilización grega e latina de xeito que para explicar quen somos temos inevitablemente que volver a vista ao mundo clásico.

Os contidos da materia están organizados en dous ámbitos. Un deles é o lingüístico que pretende fundamentalmente analizar o parentesco existente entre as linguas clásicas e moitas das linguas que se falan hoxe. O outros ámbito recolle distintos bloques temáticos ( xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade, vida cotiá). Estes bloques facilitarannos un achegamento organizado aos múltiples aspectos que conforman o conxunto cultural denominado legado clásico.

## **II. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### **PERFÍS COMPETENCIAIS**

*-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

*-Comunicación lingüística*

*-Competencia dixital*

*-Conciencia e expresións culturais*

*-Competencias sociais e cívicas*

*-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

*-Aprender a aprender*

---

Na área de Cultura Clásica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### **-COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA**

A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüidade, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía.

Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos.

### **-COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

A aprendizaxe da materia contribúe á adquisición e traballo desta competencia grazas á lectura e comprensión de fontes escritas, a elaboración e análise de textos, as exposicións orais sobre diversos temas,

a utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente.

Ademais, o alumnado poderá afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

### **-COMPETENCIA DIXITAL**

---

Esta materia contribúe á competencia dixital pois o alumnado utiliza as novas tecnoloxías para seleccionar de forma axeitada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito cooperativo sobre os materiais seleccionados.

Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

### **-CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS**

---

Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia.

### **-Competencias sociais e cívicas**

---

Esta competencia adquirese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes individuais colectivos así como dos mecanismos que permiten a participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadanía activa e comprometida mediante a comprensión do noso pasado, o estudo

da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

### **-SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

---

A materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

### **APRENDER A APRENDER**

---

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores.

Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

## **III. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS DA ÁREA DE CULTURA CLÁSICA ESO 3º ESO**

Os logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo:

- 1.** Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
- 2.** Coñecer as características máis importantes do marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.

- 3.** Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.
- 4.** Distinguir e situar nun eixe cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.
- 5.** Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia.
- 6.** Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia.
- 7.** Coñecer as características fundamentais da arte grega e romana e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
- 8.** Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do noso patrimonio.
- 9.** Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
- 10.** Coñecer as características e a evolución da organización social grega e romana e a súa presenza na sociedade actual.
- 11.** Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.
- 12.** Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.
- 13.** Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si.
- 14.** Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.
- 15.** Coñecer a orixe común de diferentes linguas.
- 16.** Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.
- 17.** Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.



**18.** Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.

**19.** Describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que chegaron ata a actualidade.

**20.** Coñecer a presenza da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

**21.** Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

**22.** Realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

**23.** Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.

**24.** Coñecer e comparar as características da relixiosidade grega e romana coa actualidade.

**25.** Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións de culto privado.

**26.** Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.

#### IV. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis relacionados cós obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave, son os seguintes:

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave <sup>1</sup>
Bloque 1. Xeografía				
f o	B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.	B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT CD CAA
f o	B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.	B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar	CSC CD CAA

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave <sup>1</sup>
			as súas formulacións.	
Bloque 2. Historia				
e ñ	B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.	B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pónndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	CAA CMCCT CD CSC
e ñ f e g ñ	B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.	B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana. B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas. CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.	CSIEE CMCCT CD CSC CMCCT CAA CSC CD CMCCT CSC

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave <sup>1</sup>
			CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	CMCCT CD CSC
			CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.	CCEC CAA CSC CCL

			CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.	CSC CAA CCEC CCL
<b>Bloque 3. Mitoloxía</b>				
b	B3.1. O panteón grego e romano.	B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia,	CD CCEC CCL

			explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.	
e a b ñ	B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.	B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.	CCEC CD CCL
			CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.	CAA CSC CCEC CD
			CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	CCEC CMCCT CD CSC
			CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á	CCEC CD

			tradición grecolatina.	
l ñ	B3.3. Relixión grega.	B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.	CSC CMCCT CCEC
b	B3.4. Relixión romana: culto público e privado.	B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.	CSC CMCCT CCEC
Bloque 4. Arte				
l b	B4.1. Fundamentos da arte clásica.	B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.	CD CCEC
			CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.	CMCCT CD CCEC
l	B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.	B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a	CCEC CMCCT CD

			súa resposta.	
I	B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.	B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.	CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.	CCEC CMCCT CD
I ñ	B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.	B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.	CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CSC CMCCT CD CCEC
e ñ	B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.	B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.	CAA CD CCEC CMCCT
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá				
a	B5.1. Organización política en Grecia e en Roma.	B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre	CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os	CSC CCL

		elas.	mecanismos de participación política.	
g h ñ	B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.	B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.	CSIEE CSC CCL
			CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.	CCL CSC CCL
c ñ	B5.3. A familia en Grecia e Roma.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.	CSC CCL
m	B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.	B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.	CD CAA CSC CMCCT CCL
			CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no	CAA CMCCT CSC CCL



			progreso da cultura occidental.	
d	B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma.	B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.	CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.	CSIEE CAA CSC CCL
ñ	B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.	CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.	CD CAA CSC CCL
Bloque 6. Lingua e literatura				
e	B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais.	B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.	CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	CD CCEC CCL
e	B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.	B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.	CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros	CAA CCEC CCL

			tipos de escrituras, e explica a súa orixe.	
f	B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.	B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.	CD CMCCT CCEC CCL
f ñ o	B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.	B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.	CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.	CMCCT CD CSC
			CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.	CCL CCEC
l ñ o	B6.4. As linguas romances.	B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.	CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CD CCL CCA
h	B6.5. Composición e	B6.6. Identificar a	CCB6.6.1. Recoñece e explica	CCL

ñ o	derivación culta de orixe grega e latina.	orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	CCA
			CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.	CCL CCA
e ñ o	B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.	CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.	CCA CCL
			CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.	CD CCL
f l ñ o	B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.	B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.	CCL CCA
			CCB6.8.2. Realiza evolucións	CCA

			do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL
f	B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.	B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.	CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.	CCL CCA
h ñ o	B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento destas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.	CCL CCA
l	B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.	CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.	CCEC CCL CCA
l	B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.	CCEC CCL
Bloque 7. Pervivencia na actualidade				
l n ñ	B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social	B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na	CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización	CCL CAA

	e política actual.	organización social e política.	grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.	
l n ñ	B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.	CAA CCEC
l ñ	B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.	B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.	CCL CSC
b e	B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.	B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.	B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.	CD CAA

**1.CC = Competencias clave:** **CCL:** Competencia en comunicación lingüística. **CMCCT:** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. **CD.** Competencia dixital. **CAA:** Competencia aprender a aprender. **CSC:** Competencias sociais e cívicas. **CSIEE:** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. **CCEC:** Conciencia e expresións culturais.

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE:

**A) TEMPORALIZACIÓN B) GRAO MÍNIMO AVALIABLE C)**

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE 1 Xeografía												
C. CLAVE 1	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN										
		GRAO MINI MO CONS E- CUCIÓ N	PESO CUALI Fi- CATIV O	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS					TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN			
				PR OB A ES CR IT A	TRAB ALLO INDI VIDU AL	TRA BAL LO EN GRU PO	CAD ERN O CLA SE	OBSE VACI ÓN NA CLAS E	1 º	2º	3 º	
CMCCT CD CAA	CCB1.1.1. Señala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilización grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	50 %	30 %	X		X	X	X	X	X		
CSC CD CAA	CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.	50 %	20 %	X			X	X	X	X		

BLOQUE 2 HISTORIA

C. CLAVE <sup>1</sup>	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN										
		GRAO MINI MO CONS E- CUCIÓ N	PESO CUALI FI- CATIV O	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS					TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN			
				PRO BA ES- CRIT A	TR AB A- LL O IN DI VI- DU AL	TRA - BAL LO EN GRU PO	CAD ERN O CLA SE	OBSE VACI ÓN NA CLAS E	1 º	2º	3 º	
CAA CMCCT CD CSC	CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	70 %	40 %	X			X	X	X			
CSIEE CMCCT CD CSC	CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.	50 %	10 %	X			X	X	X	X		
CD CMCCT CSC	CCB2.2.2. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información	50%	5%	X		X	X	X		X	X	
CCEC CAA	CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas	80%	25%	X		X	X	X			X	

CSC	fases.											
CSC CAA CCEC CCL	CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.	70%	25%	x		x	x	x				x

**BLOQUE 3 MITOLOXÍA**

C. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN										
		GRAO MINI MO CONS E- CUCIÓ N	PESO CUALI FI- CATIV O	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS					TEMPORAL IZACIÓN POR AVALIACI ÓN			
				PRO BA ESCR I-TA	TR AB AL LO IN DI VI DU AL	TRA BAL LO EN GRU PO	CAD ERN O CLA SE	OBSE VACI ÓN NA CLAS E	1 º	2º	3 º	
CD CCEC CCL	CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.	80 %	40 %	x		x	x	x			x	
CCEC CD CCL	CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.	70%	30%	x		x	x	x			x	
CCEC CD	CCB3.2.2. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición	70%	20%	x			x	x	x	x	x	x



	grecolatina.											
CSC CMCCT CCEC	CCB3.3.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios	60%	10%				X	X			X	

BLOQUE 4 ARTE												
C. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN										
		GRAO MINI MO CONS E- CUCIÓ N	PESO CUALI FI- CATIV O	INSTRUMENTOS					TEMPORAL IZACIÓN POR AVALIACI ÓN			
				PR OB A ES CR IT A	TRAB ALLO INDI VIDU AL	TRA BAL LO EN GRU PO	CAD ERN O CLA SE	OBSE VACI ÓN NA CLAS E	1 º	2º	3 º	
CD CCEC	CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.	50%	30%	X		X	X	X				X
CMCCT CD CCEC	CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.	50%	5%	X		X	X	X				X
CCEC CMCCT CD	CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen	70%	10%	X		X	X	X				X

	distintos monumentos, para razoara súa resposta.											
CCEC CMCCT CD	CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais	80%	20%	x		x	x	x				x
CSC CMCCT CD CCEC	CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	80%	20%	x		x	x	x				x
CAA CD CCEC CMCCT	CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.	80%	15%	x		x	x	x				x

**BLOQUE 5 POLÍTICA E SOCIEDADE**

<b>C. CLAVE</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES</b>	<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>										
		<b>GRAO MINI MO CONS E- CUCIÓ N</b>	<b>PESO CUALI FI- CATIV O</b>	<b>INSTRUMENTOS</b>					<b>TEMPORAL IZACIÓN POR AVALIACI ÓN</b>			
				<b>PRO BA Escri ta</b>	<b>TR AB AL LO IN DI VI DU AL</b>	<b>TRA BAL LO EN GRU PO</b>	<b>CAD ERN O CLA SE</b>	<b>OBSE VACI ÓN NA CLAS E</b>	<b>1 º</b>	<b>2º</b>	<b>3 º</b>	

CSC CCL	CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.	80%	10%	x		X	x	x	x	x	
CSIEE CSC CCL	CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.	70%	20%	x		X	x	x			x
CSC CCL	CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.	85%	20%	x		X	x	x			x
CD CAA CSC CMCCT CCL	CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.	90%	20%	x		X	x	x		x	x
CSIEE CAA CSC CCL	CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.	70%	20%	x		X	x	x		x	x
CD CAA CSC	CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa	50%	10%	x		X	x	x		X	

CCL	importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.											
-----	---	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

BLOQUE 6 LINGUA E LITERATURA												
C. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN										
		GRAO MINI MO CONS E- CUCIÓ N	PESO CUALI FI- CATIV O	INSTRUMENTOS					TEMPORAL IZACIÓN POR AVALIACI ÓN			
				PR OB A ES CR IT A	TRAB ALLO INDI VIDU AL	TRA BAL LO EN GRU PO	CAD ERN O CLA SE	OBSE VACI ÓN NA CLAS E	1 º	2º	3 º	
CD CCEC CCL	CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos cá súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	50 %	2%	X			X	X	X			
CAA CCEC CCL	CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe	50 %	2%	X			X	X	X			
CD CMCCT	CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e	60%	2%	X			X	X	X			

CCEC CCL	sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.											
CMCCT CD CSC	CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.	70%	2%	x			x	x	x			
CCL CCEC	CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas	50%	2%	x			x	x	x	x	x	
CSC CD CCL CCA	CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	70%	5%	x			x	x	x			
CCL CCA	CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	85%	5%						x	x	x	
CCL CCA	CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.	80%	2%	x			x	x	x	x	x	

CD CCL	CCB6.7.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.	80%	2%	x			x	x	x	x	x
CCL CCA	CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.	50%	2%	x			x	x	x	x	x
CCL CCA	CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade	50%	2%	x			x	x	x	x	x
CCL CCA	CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.	50%	5%	x			x	x		x	x
CCEC CCL CCA	CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.	80%	1%	x			x	x			x
CCEC CCL	CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.	70%	1%	x			x	x			x

BLOQUE 7 PERVIVENCIA NA ACTUALIDADE

<b>c.</b>	<b>ESTANDARES DE</b>	<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE</b>
-----------	----------------------	---

CLAVE	APRENDIZAXE AVALIABLES	AVALIACIÓN										
		GRAO MINI MO CONS E- CUCIÓ N	PESO CUALI FI- CATIV O	INSTRUMENTOS					TEMPORAL IZACIÓN POR AVALIACI ÓN			
				PR OB A ES CR IT A	TRAB ALLO INDI VIDU AL	TRA BAL LO EN GRU PO	CAD ERN O CLA SE	OBSE VACI ÓN NA CLAS E	1 º	2º	3 º	
CCL CAA	CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.	90 %	5 %	x		x	x	x	x	x	x	x
CAA CCEC	CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.	80 %	2%	x			x	x	x	x	x	x
CCL CSC	CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.	80%	2%	x			x	x	x	x	x	x
CD CAA	B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.	80%	2%	x	x	x	x	x	x	x	x	x

## **V. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.**

### Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas:
  - Combinar traballo individual e cooperativo
  - Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador da profesora

### Estratexias concretas

- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa...
- Elaboración de sínteses
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
- Comentarios de textos, gráficos, mapas
- Resolución de problemas
- Simulacións

### Secuencia:

1. Motivación:
  - Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.



## 2. Información da profesora:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

## 3. Traballo persoal e/ou cooperativo

- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

## 3. Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios.
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individual
- Traballo cooperativo
- Observación do traballo na aula

Na área de Cultura Clásica é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de proxectos e aplicación dos contidos adquiridos.

## **VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Material informático de temática latina (xogos de ordenador, páxinas web: web do centro escolar , correo electrónico, prensa dixital, enciclopedias virtuais, programas de presentación (Powerpoint ou similares) para os traballos do alumnado, procesador de textos para redactar, facer esquemas sinxelos...
- Diversos libros de texto.
- Material audiovisual ( documentais e películas de temas relacionados co mundo clásico. )
- Dicionarios etimolóxicos e mitolóxicos.
- A Biblioteca e os seus recursos.
- Mapas históricos .
- Libros de lectura sobre o mundo clásico
- Prensa.
- Fotocopias.
- Información bibliográfica.
- Aula Virtual

## **VII. AVALIACIÓN: INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

### **A) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

Para levar a cabo a avaliación do alumnado a profesora se servirá de:

- Probas escritas .**
- Valoración da carpeta de cada alumno/a.**
- Observación na aula.**
- **Valoración do traballo colaborativo.**
- **Rexistro de traballo diario. Será o propio alumnado quen ao final de cada sesión rexistre a seu traballo e participación.**

### **B) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

#### **AVALIACIÓN CONTINUA TRIMESTRAL**

Faranse dúas probas escritas por trimestre .

Establécese o seguinte baremo para a nota da avaliación:

A media das probas escritas suporá un 50 % da nota. O 50% restante obterase mediante a avaliación do traballo cooperativo.

**RECUPERACIÓN:** o alumnado que teña suspensa máis dunha avaliación poderá realizar unha proba escrita no mes de xuño.

O resultado final en xuño será a media das tres avaliacións.

#### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA : SETEMBRO**

Comprende toda a materia do curso.

O modelo de exame será unha “contaminatio” dos diversos exames realizados ao longo do curso.

## **VIII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .**

### INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

Escala      1      2      3      4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
2. Motivouse ao alumnado para acadar o seu interese pola materia?
3. Acadouse a participación activa de todo o alumnado?
4. Contouse coa implicación das familias no traballo do alumnado?
5. Mantívose contacto periódico coas familias por parte do profesorado ?
6. Adoptáronse medidas curriculares e organizativas para atender aos alumnos con NEAE ?
7. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado?
8. Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación?

9. Deuse valor real á observación do traballo na aula?
10. Valorouse o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?
11. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?
12. Ofrécense a cada alumno as explicacións individualizadas que precisa?
13. Elabóranse actividades atendendo á diversidade?
14. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE?
15. Utilízanse distintas estratéxicas metodolóxicas en función dos temas a tratar?
16. Combínase o traballo individual e en equipo?
17. Poténcianse estratexias de animación á lectura?
18. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita?
19. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?
20. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar?
21. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos ...?
22. Analízase e coméntase co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos...?
23. Dáselle ao alumnado de visualizar e comentar os resultados?

24. O nivel de dificultade foi acorde coas características do alumnado?
25. Contouse ca implicación das familias no traballo do alumnado?

## **IX. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS**

Nos primeiros días do curso farase una proba sen relevancia na puntuación académica de coñecementos de cultura xeral relacionados co mundo clásico.

Dita proba, de estrutura moi sinxela, conta con apartados relativos a lingua ( etimoloxías, nomes de materias, planetas, latinismos de uso frecuente...), mitoloxía ( expresión que utilizamos nos nosos días, nomes e funcións dos deuses...), arte ( recoñecementos de obras que forman parte da cultura popular, cadros...), literatura ( obras clásicas : Odisea, Ilíada, Eneida...)

Revelará intereses, acervo cultural , dominio ou dificultades na linguaxe tanto na comprensión como na expresión escrita, erros ortográficos, habilidades de expresión – carencias... do grupo no seu conxunto e de cada alumno e alumna en particular.

Será altamente reveladora para desvelar que ámbitos formativos hai que priorizar e permitirá coñecer e valorar o punto de partida de cada alumno/a. A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais do noso estudiantado. A partir dela poderemos: identificar os alumnos ou alumnas que necesitan un maior seguimento no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc..

## **X . MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

Pedirase a colaboración do Departamento de Orientación.

Unha das maiores preocupacións de noso Departamento é a atención a diversidade. Ás habituais diferenzas de capacidade, interese e comprensión do alumnado, únese, no noso caso, a existencia de 6 alumnado pertencentes ó Plan de Mellora que esixirán mais atención e maiores medios.

- Na programación do curso establécense os contidos mínimos e os obxectivos que deben acadar todo o alumnado. A partires deles imos establecer actividades de reforzo ou de ampliación de acordo coa tipoloxía do alumnado. Ao marxe disto , realizaranse adaptacións curriculares cando se consideren oportunas.
- No caso do alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (DEA) ou con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) se aplicarán os criterios establecidos nas Instrucións conxuntas da Dirección Xeneral de Educación Secundaria, e Ensinanzas de Réxime Especial sobre a aplicación de medidas para a avaliación do alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe ou trastorno por déficit de Atención e Hiperactividade de decembro de 2014:
- Adaptación de tempos: o tempo de cada exame se poderá incrementar adaptándolo ás necesidades do alumnado.
- Adaptación do modelo de exame .

## **XII. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

### **1. EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA:**

- O estudo da diversidade de linguas e alfabetos desenvolverá no alumnado unha actitude de tolerancia e respecto por outras culturas e pobos.
- A análise crítica de mitos ( Prometeo e Pandora...), así como das súas accións e as consecuencias destas, fará reflexionar sobre os valores morais.
- O coñecemento da orixe das formas de goberno na Grecia antiga axudará aos alumnos e alumnas a valorar a importancia de conceptos como « democracia » e « liberdade ».- Os contidos da unidade sobre a orixe mítica de Roma, a súa organización socio-política ou as accións dos principais personaxes históricos inclinarán os alumnos e alumnas cara a unha actitude de tolerancia e respecto ante a diversidade de pobos e culturas.
- A análise do contorno dos alumnos e alumnas en busca de vestixios romanos contribuirá a crear neles unha maior concienciación cívica.
- O tema da guerra, propiciará entre os alumnos e alumnas o compromiso e a implicación persoal nos problemas da sociedade actual.
- A análise das sociedades grega e latina e a súa comparación coa sociedade actual permitirá ao alumnado valorar criticamente os aspectos negativos da realidade cotiá.
- O estudo dos costumes de Grecia e Roma e a comparación coa nosa vida cotiá desenvolverá no alumnado unha actitude de tolerancia e respecto ante a diversidade doutras culturas.
- Os alumnos e as alumnas apreciarán os valores positivos derivados das competicións deportivas, e rexeitarán aqueles valores negativos, como a violencia, o salvaxismo, a crueldade, etc.
- A análise das relixións grega e latina fomentará entre o alumnado unha actitude de respecto polo diferente, de tolerancia e de compromiso como membros dunha sociedade.



- A análise crítica dos personaxes mitolóxicos, así como das súas accións e as consecuencias destas, fará reflexionar os alumnos sobre os valores morais.

## 2. EDUCACIÓN PARA A PAZ E OS DEREITOS HUMANOS:

- Mediante o estudo das linguas faladas en Europa e, en particular, en España, a súa orixe e evolución, o alumnado apreciará e valorará a diversidade lingüística e cultural de Europa e España como mostra de convivencia entre pobos.
- O estudo da existencia da escravitude na antiga Grecia fará que o alumnado valore os avances producidos en relación coa sociedade grega.
- O estudo das causas e consecuencias dos enfrontamentos bélicos da historia de Roma axudará aos alumnos a desenvolver unha actitude crítica fronte ás guerras.
- O tema das clases sociais en Roma servirá para que os alumnos investiguen sobre a Declaración Universal de Dereitos Humanos.
- A análise crítica dos contidos da unidade propiciará entre os alumnos e alumnas o rexeitamento da violencia e a defensa da liberdade, a xustiza e a igualdade.
- O estudo e a comprensión dos contidos da unidade fará que o alumnado recapacite sobre a posible convivencia entre diferentes culturas e relixións.

## 3. EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES:

- A actividade sobre o dereito ao voto da muller no bloque « As clases sociais en Grecia » fará que o alumnado reflexione sobre a loita das mulleres ao longo da historia para ser recoñecidas como cidadás en igualdade cos homes.

- A lectura e comentario dos textos sobre o rapto das sabinas propiciará o debate sobre a situación da muller na Roma antiga .
- O estudo do exército romano fará reflexionar ao alumnado sobre o papel da muller no exército da sociedade actual.
- Os alumnos e as alumnas terán que analizar criticamente o feito de que os gregos tivesen dous cuartos claramente diferenciados: o andrón e o xineceo.
- O alumnado defenderá unha sociedade na que homes e mulleres contén cos mesmos dereitos e oportunidades partindo do estudo do papel da muller nas sociedades grega e latina.
- O feito de que a muller non participase nos simposios nin nos convivios celebrados en Grecia e Roma abrirá o debate entre o alumnado sobre a visibilidade da muller a súa presenza no ámbito público.
- Por medio da análise e a comparación da participación das mulleres nas competicións deportivas na Antigüidade e nos noso días.
- Os alumnos e as alumnas poderán formularse as razóns polas que, entre todos os autores estudados, só figura unha muller, Safo.

#### 4. EDUCACIÓN AMBIENTAL (DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE):

- Co debate sobre o libro dixital e o libro tradicional formulado na unidade poden tratarse certos problemas ambientais relacionados co papel.
- Os alumnos e as alumnas valorarán de xeito crítico a función de organismos como a ONU .
- A análise das cidades da Antigüidade e a súa comparación coas actuais facilitará que os alumnos e alumnas sexan conscientes dos problemas ambientais, sociais e económicos da sociedade.

#### 5- EDUCACIÓN PARA O CONSUMO:

- En Atenas e en Roma existían zonas dedicadas ao comercio. Eran, polo tanto, sociedades de consumo e o seu estudo e comparación servirán para que alumnos e alumnas desenvolvan actitudes non consumistas.
- Mediante a valoración crítica de actitudes consumistas en diferentes sociedades.

#### 6- EDUCACIÓN VIARIA:

- A localización dos campamentos romanos e as características da súa construción servirán para que os alumnos analicen o seu propio ámbito e reflexionen sobre como están construídas as cidades

#### 7- EDUCACIÓN PARA A SAÚDE :

- Os alumnos e alumnas terán que considerar algúns problemas que se formulan nas grandes cidades e que afectan directamente á saúde e á calidade de vida: o ruído, a contaminación, a masificación das cidades, etc.
- Mediante o tratamento de temas como a convivencia escolar, as relacións interpersoais e a educación afectivo-sexual.
- Os contidos da unidade servirán para que o alumnado reflexione sobre a necesidade duns hábitos de vida saudables, o exercicio físico, a importancia dunha dieta equilibrada, os trastornos alimentarios, a limpeza e a hixiene persoal, etc.
- A promoción do exercicio físico e de hábitos de vida saudables permitirá aos alumnos adquirir habilidades e capacidades para a vida, motivando o respecto por un mesmo e polos demais.

#### 8.-PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

As tecnoloxías da información e a comunicación están a incidir nos últimos anos de forma fundamental na sociedade en xeral, e nos rapaces e rapazas adolescentes en particular (vida diaria, entorno familiar, ocio...). E , pese as

demandas da sociedade, están tardando en introducirse como recurso educativo habitual nas aulas.

Cada vez se aprenden mais cousas fora da escola, polo que esta institución está experimentando a necesidade de adaptarse a un entorno e demandas diferentes. Só así poderá retomar o seu papel protagonista coma orientadora na adquisición de coñecementos.

Sen lugar a dúbidas a introdución das TIC va ser un factor determinante para a motivación dos alumnos o tempo que facilita a adaptación aos diferentes ritmos de aprendizaxe, posibilitan o traballo en grupo, melloran a capacidade de selección da información ou mesmamente fomenta a creatividade. Todo elo pode incidir na redución do fracaso escolar...

Aínda que a utilización na clase das novas tecnoloxías arranca fai xa bastantes anos co uso do vídeo , diapositivas ,transparencias, equipos de son etc... son os novos recursos multimedia ( DVD, internet... por citar algúns) os que as novas xeracións asimilan e dominan de forma natural.

De visión obrigada "o monxe" .... <https://youtu.be/93SgXeu-SeY>

A escola do futuro, inda que algúns centros empezan a dispoñer de boa parte deste equipamento, contará para estar ao día tecnoloxicamente con pizarras dixitais nas aulas, ordenadores ou terminais nas clases, aulas específicas de informática, bibliotecas dotadas de equipos multimedia, acceso a internet, intranet e un portal do centro dotado de recursos educativos, enlaces de interese, webs onde aloxar documentos, traballos, apuntes... e entornos de formación on-line. Trátase de conseguir unha alfabetización dixital básica dos estudantes, cada vez mais imprescindible.

Utilización das Tic en Cultura Clásica:

A utilización de recursos tecnolóxicos que hoxe en día están ao alcance de estudantes e profesores facilitan levar a cabo traballos que non fai moitos anos debían realizarse de forma manual.

No obstante, non debemos esquecer que estamos ante un recurso mais.  
Non son un fin en si mesmas.

Resaltemos aquí algunhas das súas principais ventaxas:

.Realización de tarefas de forma rápida e cómoda -.Aceso rápido a gran  
cantidade de información. -Realización de actividades interactivas -  
.Desenrolo das capacidades do alumnado -.Motivación. -Flexibilidade de  
horario

RECURSOS PARA AMPLIAR COÑECEMENTOS:

[www.culturaclásica.com](http://www.culturaclásica.com)    [www.recursos.cnice.mec.es](http://www.recursos.cnice.mec.es)

Mapas da Antigüidade: [www.ucm.es/info/antigua/cartografia.htm](http://www.ucm.es/info/antigua/cartografia.htm)

Cine clásico <http://antalaya.uab.es/pcano/aulatin/lilibreV/filmo.ht#clasicos>

Cine clásico <http://antalaya.uab.es/pcano/aulatin/lilibreV/filmo.ht#clasicos>

Manifestacións de teatro: [www.teatrogrecolatino.com](http://www.teatrogrecolatino.com)

Mitoloxía: [www.elolimpo.com](http://www.elolimpo.com) [www.lanzadera.com/greciayroma](http://www.lanzadera.com/greciayroma)

Sobre a biblioteca de Alexandría: [www.biballex.com](http://www.biballex.com)

Museos: Museo Arqueolóxico nacional de Atenas:  
[www.culture.gr/2/21/214/21405ml.html](http://www.culture.gr/2/21/214/21405ml.html)

Museo Británico Londres: [www.british-museum.ac.uk/index-f.htm](http://www.british-museum.ac.uk/index-f.htm)

Museo nacional de Arte Romano Mérida:  
[www.civila.com/hispania/merida/museo.htm](http://www.civila.com/hispania/merida/museo.htm)

Museo del Prado Madrid: [www.museoprado.mcu.es/home.html](http://www.museoprado.mcu.es/home.html)

## 9.- PROXECTO LECTOR

As bibliotecas escolares son espazos inmejorables e únicos para unha  
educación realmente integrada na sociedade da información pois actúan

como centros de recursos educativos e como centros de aprendizaxe e de acceso ao coñecemento.

Os procesos lectores non rematan cando o/a alumno/a xa aprendeu a ler. Saber ler non é unicamente descifrar un texto. Trátase de algo máis complexo que pasa por chegar a comprender a intención co que ese texto está escrito.

Mais non podemos esquecernos de que a lectura é un pracer. Neste senso a materia de Cultura Clásica pretende un achegamento aos textos (autores do mundo clásico, novela sobre Grecia e Roma...) non só como fonte de información senón tamén como fórmula para o lecer.

## **XV. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Está previsto que os alumnos de 3º da ESO visiten a cidade de Lugo ou Ourense e algún dos seus Museos con ocasión da asistencia a representación dunha obra de teatro de autores latinos ou gregos que organiza anualmente o Festival de Teatro grecolatino

## **XV. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Non hai dúbida de que existe unha necesidade "legal" e "real" de programar. É absolutamente necesario organizar dalgún xeito , dentro do marco teórico que elixamos, os contidos que imos a impartir. A programación axudaranos a eliminar a improvisación. O cal non significa eliminar a capacidade de engadir novas ideas ou novos aspectos nun momento e tema determinados, aspecto creativo da actividade educativa do que tampouco debemos prescindir.

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica

Escala (Indicadores de logro)    1       2       3       4

1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?

2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?

3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?

4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?

5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?

6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?

7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?

8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?

9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?

10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?

11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?

12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?

13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?

- 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
- 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?
- 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.?
- 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?
- 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?
- 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?
- 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
- 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?



28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?

29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)

30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?

31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?

32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

Brión setembro 2019

Asdo. Xefa de Departamento

Esther García Gerbolés

